



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dona EMMA ALVAREZ CHAO, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e en virtude da cláusula sexta das bases específicas para o acceso ás prazas de Persoal Laboral Temporal para levar a cabo as contratacións a través das distintas convocatorias anuais da Xunta de Galicia de Programas de Cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, ao abeiro da cal se levará a cabo a contratación dun Oficial de 1ª de Albanelería para a realización da Obra/Servizo “Posta a punto e conservación das obras municipais”, por un período de 6 meses e a xornada completa.

VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO: Nomeamento da Comisión de Valoración

Que a Comisión de Valoración para a selección dun Oficial de 1ª de Albanelería para a realización da Obra/Servizo “*Posta a punto e conservación das obras municipais*” estará formada por:

Presidente: Manuel Centeno Valiña.

Secretario: José Cuadrado Oural.

Vocal: Jorge Maseda Baamonde.

Suplentes:

Presidente: Leonor García García.

Secretario: Begoña González Pedregal

Vocal: José Angel Rodríguez Ramos.

SEGUNDO: Lugar e Data das Probas

As probas de selección terán lugar o Luns día 25 de Novembro a partir das 10:00 horas no Salón de Actos da Casa do Concello de Lourenzá.

TERCEIRO: Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidente en Lourenzá (Lugo) a 19 de Novembro de dous mil trece.

En Lourenzá, a 19 de Novembro de 2013

A Alcaldesa

Asdo.: Emma Alvarez Chao

